



Rosalia Gil Asenjo

Excursión ao río Xunco.

O pasado xoves 29 de outubro fixemos unha excursión ao río Xunco. O propósito da saída era determinar se o río estaba contaminado e observar aos animais que vivían nel.

Chegamos ao tramo do río que íamos inspeccionar e, despois de que nos explicasen con detalle as actividades que realizaríamos pouco despois, dividíronnos en grupos.

Paseamos pola beira, fixándonos nas augas e na vexetación, pois teríamos que contestar a unha serie de cuestións. Ademais, habería que facer un debuxo esquemático da ribeira.

Unha vez feito todo isto, deixáronnos un tempo para descansar e leváronnos galletas e zume para que coméramos.

Despois da pausa volvemos ao traballo: cada grupo tiña que facer unha cousa diferente. Uns medían a profundidade, outros o PH, os nitratos, a temperatura, a transparencia... E logo, nunhas bandexas cheas de auga collida do río, había que atopar insectos, anfibios e larvas. ¡Ata atopamos unha troita pequeniña nunha das bandexas!

Xa despois de identificar os bichos que atopáramos había uns minutos, un monitor comunicounos que o río estaba un pouco contaminado, pero non moito. Sen dúbida, esa foi unha boísima noticia!